

Núm. 20

15-8-25

nós.



BOLETIN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

DIREITOR LITERARIO

Vicente Risco

DIREITOR ARTÍSTICO

Alfonso R. Castelao

DIREICIÓN E REDAUCIÓN

Sto. Domingo, 47 - OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.^o - A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6 pesetas.
Fora da Península	15 ..
Número solto na Península	1 ..
Na Arxentina	60 centavos
En Cuba	30 ..

Pagos adiantados

Iste boletín non pubrica mais orixinás qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideias n-eles emitidos, a non ser dos que, por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

SUMARIO

As pombas do perdón, por R. CABANILLAS.

A vida intensa, por PORTELA VALLADARES.

A neta aa naipeira por FRANCISCA HERRERA GARRIDO.

A Edade do Ferro en Galiza, por FLORENTINO L. CUEVILLAS.

Quod nihil scitur, (continuación), tradución de XAN AZNAR PONTE.

Archivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza.

Os homes, os feitos, as verbas; pol-a REDAUCIÓN.

LEA VOSTEDE

A NOSA TERRA

*IDEARIUM DAS
IRMANDADES*

Ademinstación Real, 36 — A Cruña

IMPRENTA LAR

Rúa Real, 36 1.^o :: A CRUÑA

Viajes Marsans

Encárgase da organización de toda sorte de viaxes, sexan comerciales, de turismo, recreo, etcétera.

INFORMES GRATUITOS

Sucursales en VIGO, Urzáiz, 2-Oficinas de la Agencia Escalera

Disponibile

Motores & máquinas CELTA

Marca
Rexistrada

Suministros industriaes — INSTALACIÓS

Gasolina Petróleo, aceites pesados SHELL

Cubertas - Cámaras - Macizos **BERGOUGNAN** - **MICHELIN**

JOSÉ RAMÓN PEREZ CID

Progreso, 54 e 90 — OURENSE

Fabricación

especial de
toda sorte
de Cristales

Ópticos



(MARCA REGISTRADA)

Ejecucion
esmerada
das recetas
dos seño-
res Médicos
Oculistas

Praza Mayor, 18 - OURENSE

STUDEBAKER

Os mellores autos. Tres tipos de motores e quince de carrocerías. Somentes o **Studebaker** ten a capota **DUPLEX**, que consinte trocar en cinco minutos un coche aberto en pechado

REPRESENTANTE PRA OURENSE E PONTEVEDRA

Manuel Rasilla Salgado :- Vilagarcia d'Arosa



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano VI

Ourense 15 de Agosto 1925

Núm. 20

AS POMBAS DO PERDON

*Dende terras de Aquitania,
senlleiro, a pelegrinar,
do lume do sol runxido,
batido do vendaval,
apreixado do remorso
o corazón a sangrar,
vai camiño de Sant Yago
Gaiferos de Mormaltán,
«de longas e brancas barbas,
ollos de doce mirar,
ollos gazos, leonados,
verdes como augua do mar».*

*Tempo da semán-maior,
da quinta feira ó serán,
acorcobado e tremente
o corpo outrora lanzal,
vella alxuba desfiada,
bordón ferrado na man,
da poeira dos camiños
cuberto o pardo almofar,
traspón a porta Faxeira
Gafeiros de Mormaltán
que a par dos reises da Francia
en honra de caste vai.*

*A filo da media noite,
ás portas da catedral,
envolvelto en luz de lúa
e debruzado no chan,
está o vello pelegrino
vellas culpas a chorar.
Garnida de cruces d'ouro
a casulla peitoral,
a túnica de albo llano
que a lúa de prata fai,
en pé está Diego Xelmírez
alzadas ó ceo as mans*

*Ó par que os mouros pecados
dos beizos caíndo van,
da gracia ó sopro diviño
trocedo en limpo cristal
o peito do penitente
deixa safr, a voar,
brancas pombas de miragre
que a craridade levián
atravesan en precuro
da solaina arcebispal,
onde en prisión de feitizo
ninguén de vel-as terá.*

*Cala o confeso n-un xordo,
derradeiro saloucar
e tende o santo arcebisco
sóbor d'él ollos e mans,
namentras o vento aruman
verbas de dozura e paz:
«Sete séculos pasados,
meu báculo sostera
quen fillo da miña Terra
ten de amala como noi.
Novas rosas na Galicia
a frorir comezarán
que os tempos serán chegados
de erguer o vello fogar.
As pombilhas de miragre
ceibes de novo, a voar,
a tua estrada de gloria
no craro ceo abrirán».*

*Ano de mil novecentos
e vintecatro, ó mediar.
de ser cumpridos os días
houbo nos ceos siñal.
Cando na noite calada,
envolveitos no luar,
a escura arcada aboquedes
da solaina arcebispal,
detido o paso un istante
tedes de sentir voar
as pombas do pelegrino
Gaiferos de Mormaltán.
«o vello das longas barbas,
ollos de doce mirar,
ollos gazos, leonados,
verdes como augua do mar.»*

R. CABANILLAS.





A VIDA INTENSA

Algunhas veces feno falado d'ela e sempre, cando a minha imaginación vai á nosa terra, acude ao pensamento este título - símbolo da fé - do libro de Roosevelt, o gran Presidente de Norte América. D'ele dixo-se que ll'abondaban tres censos leñadores para transformar unha nazón.

Non sei que fora vertido ao castelán, nin que ninguén ll'adicara ante nosoutros siquera unhas lñas. A moeda de bilón é a que cadrá á nosa calivez intelectual, e, por un fenómeno cásqueo fisiológico, é o brilo do cuño novo o que nos atrai principalmente. Os libros d'ouro da humanidade - ese meio cento de velllos volumes que climentan ás culturas superiores, que fan as almas, como fixeno n'outrora os pobos i as civilizazós - son desconecidos na Hespanha. País de literatos e faladores, contentámonos con recoller o báfo belido da retórica, deixando escorregar, coma chuiva polos vidros, o sangue espiritual, o latexo de vida, esas idelas nais que requieren ser estudeadas e rumiadal-o primeiro, e, logo, incorporadas á costruzion persoal, para se transformar en preceilos que, dunha vez para sempre, rixan a existencia.

Ler e refreisionar. E dempois, «acordar». Velehi, coma o pensamento chega a forecer n'aición, e coma garda a máscula reita que o convirte en pai do froito.

**

Só en Cataluña e na Galiza pódese invocar utilmente á Roosevelt. Ali po-l-o qui-l-é, po-l-o que ja existe; eiquí po-l-o que podemos ser, po-l-o que temos que ser.

Fai xa ben anos, un «eminente» político espenhol díxome, juzgando a Roosevelt «que era un de tantos tolos coma andaban po-l-o mundo». A sua arquitectura mental de pallas e garabullos sabeatamente combinados; non po-

día resistir a catapulia d'aquel pensamento. Nin a sua mirada de formiga, rainha no mundo dos infinitamente pequenos, podía chegar ás outras onde a águia escrebe sua ruta. Nin menos - por algo fora Presidente do Consello de Ministros - ll'era adoadó comprender aquel sentido místico da vida, aquela religión, a mais fonda e a mais pura, que consiste en meter unha ideia no corazón, para non s'afastar endejamais d'ela, para servil-a lealmente, facendo-a carne viva en airos (Religio, valtan-to coma unir, aliar).

Románticos! Tolos! Por chí adiante gobernan o mundo.

E tamén han gobernar á nosa terra.

**

A vida intensa. É a antiga doctrina estoica da tensión, do esforzo incansabel. É a vontade erguéndose acelerada, sen desmaios e sen abafos, en busca da meta. É o labouro acceso, que, según a fórmula Nestcheana, «chega a faguer dos homes a máquina d'alta presión que se chama genio». É por a mirada no cumo e cravar ali os ollos para que arrastren as personas e o corpo hastha chegar a ele. Permite o gozo único de sentir a plenitude da existencia, d'acabar a vertical completa, ascendendo dentro-a raiz que nutre hastha as esencias más puras que fuxen da terra. É creal-a propia vida resolvendo os problemas propios ao primeiro, e logo creal-a vida do seu país. É o ideal american, a vida americana, decote a asenllar i-a bulir; y-é o poderio incontrastabel, perene, que conqueriron os Estados Unidos.

D'alá veñen, medrando sempre, as ondas azotadas po-l-os vendavals, hastha s'escachar nas nosas costas. Son as energias novas, os hálelos incoercibels e cheos de promesas, «as oleadas de luz», que pugnan por penetrar na terra e na vida nosas.

**

Unha das vulgaridades mais repetidas e mais falsas é a de considerar a Hespanha coma un país idealista, confundindo a novelaria, jogo vacuo da fantasía, coa trabada solidez d'unha creencia.

Esquezamol-o momento d'oje, taboa rasá, sen onte e sen mañan. Canto s'escrebe e fala, as manifestazós todas do pensamento, non pasan da frore da pel.

Voltamos aos tempos gabados da literatura castelán. Afrontemonos co-isa favorecida superfízón dos clásecos. Elsaminemol-os co o proprio criterio según manda a razón. Camionemol a perspectiva coma se fai para encontrar aquel centro donde reside a verdade: miñemol os d'arriba a baixo. Eu non atopei un só libro que s'apoderara da minha alma, que metera os dedos dentro dela e a fixera tremer, erguendo-a en alto para lle decir o que ten que faguer na vida.

O teatro calderonian, xenial sen dúbida, viaxa po-l-as nubes i-é sempre composición d'esenario. Moito ruido d'espadas, excelente voz cantora; mais puro dilettantismo. É tan falso e tan pouco humano coma calquera sistema filosófico. Tomal-o en serio, é pol-o menos ridículo.

Os grandes místicos, Santa Tereixa, San Johan de Cruz, admirables no decir, estan de costas ao mundo, miran ao ceo, levan á regra monástica. As pedras d'Avila fan santos, non fan homes. E unha nazón non é, non pode ser, un desoledo monasteiro.

Don Quijote é un pasmoso enfermo fora do mundo; e Sancho, un ventre. Antre as duas cariñides, non se vé a figura humana, o espello do propeo ser, o lóisrego de verdade que fai remexer os corazóns. O que sentimos nós, diante das *Follas novas*.

Rímos, apraudimos, e hastra aprendemos a decramar; i-ehi finda o proveito que se pode tirar da colecion Rivedeneyra. Son «ingenios», inventores — coma eles se chamaron — que fan, se acaso, pasar lindas burbollas d'aire nas correntes da auga eterna. E se algo permanece no espírito é fermento para lixal-o. Un concellos honor de comedia; un doido esquecemento das obligas da terra, trocándoas por relazós celestials; é unha linguaxe feitiza de latón rañante e oco; velehi o insino da que se chama

NÓS

gran literatura. A metade da Hespanha está envenenada d'ela.

* * *

Un idealismo consiste en posuire un ideal, e ir apóis d'unha finalidade que s'haxa de comprender elquí, que sexa real, que teña os pés ben enraizados no chan, para acadar firmemente o mañán arelado. Non é o ascetismo híbrido e acabador. Non fai sepulcros; fai homes. Afirma a alegria de vivir e a alegria de trabajar, e sostén que, pra servil-o seu país, hase procurar ser forte no corpo, forte na alma e forte en todo-l-os meios de lotta pra rendelos diante da sua terra, do ben de todos, qu'engendra ao cabo, o ben de cada un. É levar no corazón unha bandeira. Entonces, nos individuos e nos pobos aparece a ansia d'adrianlar, o motor que os impulsa, a razón d'eisistir: «A vida intensa» coa sua lumiosa fecundidade.

Pecharse no día d'oje, remendar na vida, vegetar comodamente, apricando a sorna vilonga a canto n'acuda ás inmediatas funzós orgânicas, é creal-o deserto, baleiro na sua infinitude; i-é espontánea renunciazón da mais valiosa condición humana, aquela que vive do pensamento e para o pensamento. É tronchar, simplemente, a persoalidade, afundindo-a na terra.

A dóri d'Hespanha está en carecer d'ideal, en ser folla que moven os ventos reinantes. As gentes caminhan nos días bandeando á corrente, deixándose levar fracas de vontade, e sen qu'a mirada ouse rasgal-a névoa espesa qu'envolve o porvir. As almas ceges marchan privadas de Sol.

Acabouse, naturalmente, aquil da Reconquista que nos dera as esplendideces do século XV. Fracasou, arruiflánronos, o propósito dos Austrias d'impor á Europa un Imperio Católico, concentrándose tanto de malo había na idea no chan da Peninsula. E a Améreca, capaz d'encher os soños d'unha raza, non foi un ideal, foi unha mina.

Nin na constitución interna afinamos coa solución. Inda non sahimos desta primeira etapa da historia dos Estados que consiste en se formar, en donarse a paula qu'ha reixill-los, en tel-a, carta i a lei da sua vida. Hastra nos textos oficiais amóstrase a créncia de que o centralismo non é régime de definitiva satisfacción

Mais, sobor desloq., o sistema centralista, tan apertado unhas veces, abrese outras, deixando escapar, nas Vascongadas, o concerto económico, motivo de proveitosa usanía para eles, d'amarga cubiza e de vergonza para nós, e na Navarra, mediante «a lei pactada» unha dispensón de feito para os tributos.

Na Facenda Pública, con alargos no mesmo Governo, a Hespanha está submetida, pois, a un régime federalivo imperfeito, irritante: agravado polo privilexo i-a injusticia qu'encerra. Hai que berrar ben que a Federazón que tanto escandaliza non sería novedade: seria no mais que pornos a todos en pé d'igualdade.

E sempre atopamos que, dentro e fora lmos aos togbos, que somos barco a ronza, aboiaido na augas, sen éstrela do Norte, obedecendo soilo aos tirós dos refrejos orgânicos.

E cada ano que pasa, ven a pechar mai-l-os horizontes.

* * *

Miremos agora por riba do mar, que dilata i-eleva os pensamentos, ese gran engendrador dos nobles propósetos e dos sonados feitos, que infatigabel pele nas nosas portas.

Reparemol-a freeha ardente do ideal americano

Ten unha constitución política intangibel. É federativa. D'ela dijo Gladstone, o «great old man» d'Inglaterra, qu'era o portento, a obra mestra do espírito humano. Nun dia, acadaron o fin dun proceso que nosoutros levamos séculos para resolver.

E para saber o que hai dentro desta armazón, que por ser libre é de ferro, leamol-a «Vida intensa» de Roosevelt, vexamos como se forman os individuos, as células que constituyen aquil organismo, a materia prima de que sai a nazón.

«Non abunda o número para costruir un pobo. A India con trescentos millós de seres, é ancila de corpo e d'alma. A China con catorcentos millós seguirá no sono de serva, mentras violentos desperiores non cambeen o fondo desta imensa colectivididade. O anjo da soberanía parés haber abandonado o Ouriente. É a pracidés, é a malsan dozura, é o gusto na sumisión, i-é a anemia no caralor o que trai estas decadenzas. E son os homes sans, reitilenios, resoltos a pasal-os rudos trava-

llos do mundo, os capaces de sentir as suas venas estremecerse d'orgullo coas grandes empresas da sua pátreia, os costructores das nazonalidades,

E tampouco conta o tempo. Quince séculos levou Italia dende Augustulo á Víctor Manoel para rubir dende aquil inferno d'anarquia en que a sumían Papas e Príncipes, e onde Dante deu seu brado de desesperación.

A educación ten a maternidade do patrotismo. A educación que predique o esforzo, o labouro, a loita, os sofrimentos, que non fuxa a os perigos para conquerir, para si e para seu país, o espléndido e derradeiro trunfo.

Nosoufros temol-o direito d'esperar que á mocidade americana deveña un día verdadeiros homes americanos. Que non sintan a poltronería nin a debilidade, que non sexan fanfarros nin fátuos, Que traballen firme e se divirtan firme, Que teñan o espírito craro e poidan mantéll-o seu posto diante de toda-l-as circunstancias e contra todo-l-os ventos.

Do corazón veñen toda-l-as alclos extraordinarias. N'ele s'acorda esa definitiva resolución de chegar á fin ou cesar de later, qu'aborda para romper un mundo de cadeas, e para donar libre paso ás mais outas aspiracions. E co-ele un puño de gregos fixo anacos o poder da Persia, e nos lameiros da Holanda e nas montañas da Suiza afirmouse a dita i-a independenza: Sagra forza que vence o mesmo aos homes que a natureza.

N'há ren mais estúpido nin mais indigno que a auto-grorificación. Ante as propeas alabanzas sin fundamento, mistúranse a risa, a piedade i-o desprezo. O proverbio americano ordena «falar mainamente e levar-na man-un bo pau».

Hai costume de s'admirar e horrorizar diante da cíneca balxeza das doctrinas de Maquiavelo. Mais, ensistese pouco sobor do feito de que Maquiavelo faga descanser todo o seu sistema na despreciable crenza da perversidade e da baixa moralidade pública da multitudine que pide golosas promesas sen se coñecer de que teñan compromiso. Dí o mestre italiano: «O príncipe ha ser gran mentiroso e gran hipócrita, e toda-l-as suas verbas han estar cheas de piedade, d'humanidade, de religión, de fé simples, de patriotismo, sobor todo de patriotismo porque o vulgo deixase

sempre engadear po-l-as apariencias e n'este mundo non hai mais que vulgo.

A infamia de cantos escribindo ou falando pratican esta políteca, cai inteira sobre a nazón qu'os consinte e os alenta. Os que por probeza d'esprito aceitan inconscientes o papel de fato, non son menos culpables qu'os que descubren o segredo e conformanse con sortir ou aproveitarse do engado.

«Istas verbas — concruie Roosevelt — van dirigidas a todos aquiles que con altos afá-

NÓS

nanse por realizar un adianto na sua nazón; a os que a pesar das caídas, das paradas, dos errores e dos posibels fracasos, no meio a'unha lotta agostadora «fan» algo proveitoso para o ben público; para os homes d'alción que sen admitir pessimismo nin debilidades, tomando exemplo no campo de foot-ball, jogan lealmente (play fair) e pegan firme e en liña recta (who «hit the line hard»).

PORTELA VALLADARES

A NETA DA NAIPEIRA

NOVELIÑA



Elo ocurriu n'unha d'isas aldeas ridentes: cunchifñas mariñas, que somellan nascidas d'un bico da luz no seo escumante das suas amadas rias.

Terra adrento, camiño da camposa arxila ba as suas aíñas mouras opequeno muíño que lindaba ca casa da «Naipeira»; mais moura qu'o muíño: ende mal, sen ás; anqu'as xentes ll'atribúan ben as dos anxos, ben as do demo, según a sorte, baril ou cativa, que desentranábase na maraña enmeigada d'aqueles naipes larafuzados, dobrados, teixos. Era a «Naipeira» unha muller pequena e redondecha como unha piola; ben graciosa e galana como roibens de día morredoiro. ¡Abofó! ¡Debeu de tental-o demo, nos seus quince anos rayosos!: y-ela contaba — coa mais meiga xentileza do mundo — que tan soyo pol-a sua gracia, casou co home mais guapo da parro-

quia, o defunto «Barre-bostas», alcume heraldo dos vellos; pois o «Barre-bostas» mudaba a sua roupiña cada oito días — dende que retornara da América — y-era home que non se deixaba aforcar por... seis ou sete pares de calzados!

Elo, o certo foi que na súa viudez, a «Naipeira» non apañou mais ben qu'aquelhas roupiñas (roupiñas que non lle fixeron xeito, por non ter mais fruto do «Barre-bostas», que cinco rapaciñas cativas) e os calzados que a trillaban (afeita ás zocas) e dos que houbo de separare o per más lustroso pra qu'o defunto loscira, morto, tanto como o probiño fachendara, vivo; paseándoos, de cote, pol-os camiños, pendurados na moca, e apricándolle o seu verdadeiro uso en romaxes, velatorios, casamentos, antroido, etc., etc. A parexa, mall-as picarifñas, comían pol-a noite o que pol-o día traballaban; e a «Naipeira» viuda, ollou de frente a nova vida, sen compañía e sen pan e douse a cavilar, como Fausto (mais que ela non tiña a compracencia de conoscer tan istranos nomes), na maneira de facer rexurdir o tempo ido. Non era muller de s'afogare n'unha pinga d'auga, escadas, acaíalle mal a aixada e lle non acaía millor a servidume. O seu curazón, adolorido, arripiouse diante

do pantasma da fame. Aqueles criaturitas, atrás d'ela, co seu eterno janganillo: «¡pan!... ¡pan!... ¡dame pan, nana!... ¡E que aquela vocina mansa, sonáballo, alma adrento, mesmo como lle sonaran pouco había, as folgas, berrando, dend'o bandalo da campán, ferruxénia: ¡int... ¡án!... ¡Os que se foron non volven mais!! A «Naipera» descorazonouse un pulo. Foi pol-o mes de Santiago, cando recibiu «aquela visita del Señor»; pol-a mañán, a romper de día, guindabá as fillas fora da casa: «Idellos dicir os veciños que tedes fame, e que non hay fregoliña de broa», e a brincar a mais pequena, a Loliña, atrás das outras, pillábeas no voo e afanábeas pra drento; pechaba, botaba o ferrollo, erguíaas no colo, e brincando como outra nena, apañaba na artesa as barrelallas d'un pequeno cocedoiro, estinto: alecknia o lume con catro garpallos, máceres, e facialle un bollo, do qu'ela non probaba rapan. (.) A sua concencia berráballo ás veces: «¡Non seiás Meiga, Marica!! ¿Seiqu'as outras non son as tuas fillas? ¡Non-as trouxeches nas illargas, no canto ond'a trouxeches a ela? ¡Non-a pariche tamén no dolor?...» E acalaba a concencia cos bicos tollos, pousados a feixe nas faceiras quentinas e molaregas da sua Loliña: embicándoas co-a derradeira cunca de caldo, lavado, que lle puido afanar o pote; coa farinha de tres espigas raposas, co muñelito lle moia, sen pagal-a maquia... «¡Anda, hó, anda!... ¡pol-a ánema bendita de quen tés no outro mundo!» E cando se resistía facendo mofa d'aquela tonaxe... «¡Paino, Farruco, móema, pra que noso. Siñor l'arrede d'unha cárcere!, (Non sei que conta tiña co-a xusticia o muñelito de Castelo, qu'aquel rogo domábaos ser iprel)

Un día, non tivo que lle dar a Loliña: nen caldo, nen farinha, e pillándoas nos brazos, e ollándoas longamente e ben de preto, mesmo como si quixera ritratala no bugallo dos ollos... (jay, ser!... ¡era a cariña, toda, do senecido «Barre-bostas»!) botou'a correr camiño de Sada: quería saber. Ali, pé d'un regato cantareiro, beira do mesmo Taravelo petou n-unha portiña baixa, non sen asegurarse, dinantes, da completa soedade d'aqueles paraxes.

— ¿Quén é!!

— Son eu, tía Chinta! ¡A «Barre-bostas do Castelo» — berraban, cal s'as duas fosen xordas d'amos ouídos...

— ¡Pois entra, filla, entra! e bota a porta que eu non podo deixar o meu laborío!

E mais entrou, avaladiza, lolexando pra demandare..., «unha volta: unha rolda das cartas.» Sentouse n-unha maceira emborcada, a filla epertuxada contra o seo.

— ... ¿Ves ti somentes pol-as cartas?... ¡Non te me reposas, que *todas* somos mulleres e a muller *do seu home* pode ben entrar por esa porta co-a cara moi resonia e moi limpa ¡A ver! ¡corral!... ¡non! ¡co-a man esquerda, muller! — alucando as cartas con molto tempero — ... Hay eiquí un home, viudo, que che fai as veiras, inda que se non amosou, ne-nó fará tan longo; e outro... — ¡jarre, diaño!... — outro, que cobra pol-o Rey...; ¡é un espada!! ¡hay unha picardía pol-o medio!... (vel-ahf o as de bastos!) é unha vitoria, con diñeiro e con carta, de por parte! Elo... — ¡Non tés ti algún calzado que te trille?... n-iste catro de bastros vexo «cousas perdidas»; roubáronche, por forza, unha peza de roupa, ou teñen mantes de ch'a roubar moi logo... ¡Qué las, que non atendes!

— Pois mire, tía Chinta: alucáball'o leito, tan portado; o cabezal, garnido de puntillas; ¡tan-tas guapas imaxes, qu'aquí len! E... todo isto... — ¡Ganouno soyamente co-a baraxa! ¡tanto ben e riqueza... ¡Sairón d'isas cartas, retorcidas! — dos esquirtos que vende, pra bô fadar das bestas? ¡E diga, tía Chinta! — ¿qué vou ser eu, no camiño pechado d'unha vida, falla de compaño? Cando chegue a inverná, e non haza amelxeiros pol-os campos adiante..., nen amoras..., nen érbedos..., nen tan xiquer nocellas pra lles ingañal-a fame ás miñas fillas.

E tía Chinta tivo un xesto d'alta sabencia, dino áa sona qu'enche de prata a sua faldriqueira de terliz; y-erguendo a sua testa, e siñalando o ceo, lle respondiu, visolitrada e melga:

— Pois ti... ti serás «naipera»!

* *

Quixo Deus qu'a vella tía Chinta vivise pouco tempo. Dinantes de morrer, chamou por Marica (do «Barre-bostas» de Castelo) e falou-lle, mañiña, d'ista sorte:

— Escoita, Mariquiña: eu non hei de vivir; por mais qu'o sinta: eu non teño familia, nen maiores obrigas; teño, por outra unha vella débeda, que consumirá canto na casa gardo:

un pouco de diñeiro, as roupas, os almallos, as galifias. Mentio facerche un grande favor e podes estimarmo! Pilla aquela peneira; pona ensí... cù pra riba...; janda axiña que non che me gusta nada ista goldra que fai poches no meu peito!

E tirando de cartas, dou unhas cumpridas leucios à «Barre-bostas» e decifalle, ante cartilorio e cartilorio:

— Ti ves aquela Deloriosa, sorrindo, no acougo do seu camaríño?... (1) ¡Miña Santa querida! Na primeira semán qu'a merquel, ¡tróugome calorice pesos á casa! Rézolle todo o dia, namentras non me chegan os meus siareiros...; cada trinta paternostres fan unha misa... je hay días que lles dou a volta, e fago tres ondas!... Rézolle... ja sesental... ja noventa paternostres! ¡E os meus santiños mirando sempre por miñ!... E namentras estou n'ista cama, ¡venen as avelaías del Señor!... saend'alí... — señalando o curro donde descansa o pequeno camaríño da Virxen, eo muro, no que se ven pendurados duas on tres dúceas de cadriños con estampas santas: arriba, en baixo, arredor: é unha parede sementada de Santiños, grandes e pequenos, conocidos e mais iñorados, dend'a Virxen feitía, co-a coronita d'ouro e o ramallito verde nas mans encrucilladas, hast'o mozo guerreiro con calzas pretas, capiña voandeira y-espada na erguida man vencedoira.

— ...Venen d'ali, bulindo e rebulindo... e vénense poussare no meu peito!

— Eu coidei qu'eran vermios da couce.. je tiráballes a matar sen doo!...

— ¡Non, Mariquiña! ¡Non matel-as avelaías, que son avisos de Noso Siñor! Onte veu unha, grande... vizosa... ¡lumieira! Un slarello, que buscaba a sua sorte, nas cartas, gozábase n-ela. «¡Mirai tía Chinta! ¡Mirade a miña sorte qu'arréccachal! Y-eu... caladiña... seguia nos seus voos, e sorriía por aquela espera murchada!... A volaíña topou, ó fin, o camiño da verdade, e veu poussarse eiquí..., como todas... no seo que lles quere ben! E inda non alboreaba... ¡pum! ¡pum!... petaban na miña porta... je ali estaba a boa noval ja pratal jo meu canxel: o choiño xeitoso, redondo! jo bô touciño pr'as tortas! as dondas cobrictiós, pra

NÓS

acalentar o corpoño vello d'ista tía Chinta, que non sei como tanto lles meresce os Santos!

..

Dinantes de lle pechar os ollos á *sabia*, tomou Marica naipes, bortel, rosarios — habíaos, tamén, onde queira qu'os sostinha un cravo — arrebusouno todo n'unha regazada (nimbedas d'avelaías mouras); entornoull'as capelas dos ollos, botoulle unha oración, sarapicouna con auga bendita (de sete Pascoas), dicindo, a tempo qu'as abaneaba o ramuchu d'oliva, sobr'o corpoño consumido: «Nome do Pai, e e do Fillo, e do Santo Spiritu!... ¡Deus te garde na sua santa paz! — e moi pertiño do ouido — «Darañas memorias o meu Xaquín... (¡ti sabes ben!... jo «Barre-bostas do Castelot!») Dimpois requiriu ás avelaías: «Se sodes pelengrincias do Ceu, ben chegadas vos miren istos meus ollos pecadores! Se vides das negreces do lume... ¡arrenegadas seades, por séculos de séculos, amén!».

Poucos días mais tarde, vendianse á poxa todol-os bens da tía Chinta: camaríño, Santa Virxen, cadriños, cómoda, leito, cunchas — lembranza de moltos mares alongados... — Todo mercou a «Barre-bostas» (con diñeiro emprestado) mais ainda aquel nome e sona de «Naipeira» que a fixo dona de segredos, de loltas, d'almas, de concencias! O eco do chirrido aspro das alfinas do muíño, concertáronse farsas, descontromiñáronse bodas — jantriodadas spirituals! — , vendérónse, por milleiras os *esquertos*, pr'arredar de todo mal os animás de galla; proporcionáronse xaropos pra s'estruciar o amor d'ista, o diñeiro de aquil... ¡mentiuse pol-a vella! Se non podemos afirmar qu'o demo trunfaba, xuráramos qu'o Spiriu do Altísimo non se deixaba ver por ningures e aquele sua Diviña Nai, aparescíaselles a todos de cada vez mais, agrimadilla, mais melancoliosa: testigo mudo da falsia, da superstición, do ingano!

— El com'a quer! A «Naipeira» pagou axiña o seu choyo e as suas fillas non volveron a xantar érbedos, amelxós, nocellas...; nen-as desbotaron os veciños c'unha male razón, cansos de velas na sua porta. O muíño moía e cobraba boas maquías, e a naipeira gastaba a reu sayas de baeta ou de pano, sagals ama-

(1) Tipos e costumes copeadas do natural.

relos (pol-a mór do reuma), chambras de lenzo padroeiro, panos santiagueses estrelados de frores e frecos. ¡Se non fora aquela sua Loliña que ll'acababa a vida! Unha tras d'outra, fóranse casando as suas irmans: ista, co fillo do segredario; es'outra, c'un ricacho de «Cucu do Río»; aquela, c'un ché engedellado na gracia hereditaria dos «Barre-bostas»; a mais vella (unha morenola que daba xenio; c'uns ollos, mesmo da parentela da «estrela da farta»!), namorouse d'un canteiro ao xeito, e... ¡a el! En oito, ou dez anos, viuse a «Naipeira» arrodeada de meixelas mouriscas e de luceiros feitos ollos... ¡E aquela Loliña, pol-a que dariaas a todas, sen noivo, sen amor, tristeira, branquexada o mesmíño qu'a imaxen do camarín; levando tamén loito, mais qu'enmascarado en hábeto, pol-a correña que pende na centura, mais pol-as sete espadas, ¡an cuas! que somellan crucificarll'o peito.

¿Cree ou non cree Loliña no arte do cartilorio? Algunha vez, arrautada, matou n-un arracheo aquelas avelañas que no seu sentir trizabanll'a mantilla no fondo da ucha. D'outra emposta eslemereceuse, cando o desvial-o corpo do vello balcón - dimpois d'unha festa dos ollos, alucando a ría, os montes, o sol alaranxado, o dia morredoiro! - apercibiu a naiçifa (¡qué tanto amorio lle daba!) debruizada sobre unha mesa coxa, sen levantar ollo de dues ou tres baraxas esparramadas; pillando ista carta; deixando aquél outra; baraxando cen veces pra lles zunguir o misere segredo d'unha vida que tan soyo a Deus llo debíat Abesullando as ánseas dos siareiros, escotando o trogo da sua nai, avalado conguerizos témeros, demandándose co frio qu'arripiaba baixaba dos montes, ou rubia da ría, ou nascia d'aqueila maldecida baraxa meiga.

E Loliña namorous'o fin! e lonxe de s'esquencer das suas loitas de muller crecente; a loita sobrepujose, asolagouna, venceuna; por'os qu'ela miraba e mais amaba como próximos sogros, tan presto foron en conoemento dos namorouzos, repudiárona como amiga, y-embarcaron o fillo, medoñentos de velo enfeitizado pol-as artes, ruís, da «Naipeira». ¡Nada menos qu'affillado do cura, era o roxo!, aquel rapazote de bon porte e fidalgas maneiras: alto, corpudo, roibo; o partido mais rexo do Castelo!, un corpo de xigante; unha al-

míña bendita. E... ¡Porque non-o embarcaron antes! Pra Lola foi tarde... ¡demasiado tarde xa! ¡Mais conviña en que facían ben!... (¡an-qu'ela morrese na demanda!) O roxo era diño d'outra caste; ¡nunca pra se abaixar á filla d'unha *sabia*, mitá mintireira, mitá melga... (¡soupera ela donde finaba a bouga, e onde comenzaba o meigallo!) ¡«Meiga!... ¡Fuxo, fuxo, pecado! que aquela «melga» era a naiçifa de Lola: unha bendita nai amorosa! a qu'enxendrou sen dúbida a cálige:

(1) Miña nai, miña naiçifa,
Com'a miña nai ningunha:
Ela quéntam'a cariña
Co calorciño da sue.

¡Cántas veces a durmila a ela, pequenina, arrechegánda contr'o peito, e quentándoll'a cariña, co folgo do seo materno, n-un fogar valdeiro e frion!

A cariña da Delorlosa, esbáese... a de Loliña perde cōres e carnes; ¡dixéras que van as duas á temal!

Unha mañán da mais cenza invernía, a «Naipeira» chamou en van pol-a sua filla, pra lle servil-o almoxo. Nen viva, nen moria! Berroulle; xuntous'a xente toda do rueiro; a nai por diante (en cabelo, arrincando adoecida, os bueres acanados, qué foron argullo da sua filla ausente, desabotonada, ronca de berrar, de pregar, ¡de brasfemar!); recorron estradas, curripas, custas piosas, aldeias, montes, praias. Pidironll'as escumas impiedosas da ría, buscáronna na represa do muíño, demandoulla, a nai, atolecida, ós ecos, ós aires, jós Ceus! Chegouse á Virxen que lle traía os choyos... e sacouna do seu camariño... e peitando co-a frente no laboado, berráballe:

- ¡Qué mal che fixen eu?... pero, ¡qué mal, o Diosíño querido! ¡Ti miña Sínora, que sofriches d'iste mesmo mal de saudades morredoras...! ¡Qué fixen eu, que non fixeran outras? En non matei, eu non vertin sangue alleo! Non arroubei, que mo deron!... ¡mais malo de lles que nasceron bobos! Mentin: *iso é verdade...* mentín e trabuqueinos... ¡mais fixeno pol-o precuro e a saúde das míñas fillas! ¡Minto! ¡minto e reminto! ¡minto sempre! pro, Ti, miña querida, ti sabes ben qu'o fixen... qu'o fago, por Loliña! ¡Tórnama, nai de Cristo!

¡Pol-a Coroa d'espíñas!... ¡Pol-o sangué ver-
tido no Calvarie!

**

Anoiteceu o martes d'Antroido. A paisanaxe mascarada, ou soyamentes fiznada co ferruxo do lume, corre, persíguese, brinca, danza axouta. Troulean os mozos, fan trasnadas os rapaces, os vellos se revén, cada un nos seus, rin a estoupare; comen castañas, filloas, orellas; beben resolio, ou caña. Todos viven e gozan; soyó reine o silenzo no achousado ví-
videoiro da «Naipera»; pasou a tarde atrás do seu alboyo, tirada, sen tremor, sobr'a dura friaxe d'uns fumbelos. No lusco-fusco, retirouse adrento...

— Vés con nós, bolitinha? ¡andal!, que temos filloas e molete!

— ¡Vai! (Vai, queridinho) Non che teño pres-
tanza pra nada!

— ¿Choras sempre á nosa Loliña?

— Non me rompal-as curdas do curazón:
valte, prendíñal!

— E se non chega ¿chorarala sempre? ¡sem-
pre! ¡sempre!!! po-
o dia e pol-a noite?

— ¡Sempre! sempre! E rompeu a
xemer, acoradinha.

Co ise estrano temor qu'arreda ós nenos de
prantos e saloucos, o «Naipero» — nunca mais os abandoaria aquel alcume! — botouse monte abaixoo, e foi levar á casa a resposta, tristeira de bolita.

A vella meteu-se na cociña; encendeu o candil, botou un cepo na lareira e sentouse: non durmía, nen velaba; vidiña e alma istaban sos-
pensas d'un soyó lembrare. Se non soupo xa-
mais canto tempo se pasou á maneira; coriou o seu delirio, un pelo, quedo, dado na porteliña da sua horta.

— ¡Adiante quen sea!

Y-era unha muller; unha muller ou unha nena, cuberta c'un leño, a modo de capa que lle chegaba caxque has'os pés. Gardaba un lote, moi amodioño collido, e gardáball'o rostro unha grande careta, feita con papel negro.

Agrimous'a vella e arremuxouna, pra non deixala pasar mentires lle dicia acorando:

— ¿A qué vés? ¿A mofarte das miñas bá-
goas? ¡Abonda cos rapaces, que non saben
pesar sen dar unha martelada na porta! Ou é
qu'ñoras onde petas? ¡Ista é a casa da disgra-
lia! ¡Vai! ali donde axouten e rian!

NÓS

Mais a mascarada non se moviu; tembrá-
banl'os fros, inda por fora do forte mantelo, e
sen lle contestar, pasou por diante da «Naipera»
hasír'o durmidoiro, no que luscia a Virxe
e sua corona: as suas sete espadas de prata.
E c'unha voz, que parecía non ter dono, cre-
vada, perdida, faloulle así, deixándose cair
n'un fallo:

— Un dia, tía Marica, quixo vostede saber da
sua vida por ver, e soupo! As suas fillas mo-
rrían co-a fame... a Loliña...

— ¡Cálate, muller, cálate!! ¡Qué me trizades
a y-alma, a prenunciar seu nome!

— Tamén eu teño sede da luz e da verdade...
¡tamén eu quero saber!

Sen se dar apenas conta do que facía, tre-
mou a «Naipera» da baraxa, mais da peneira,
botou unha xeira, tirou as cartas, saiu o as de
bastos, treicion e picardía.

Fora, ifiñse extinguindo todo estrondo. Reco-
collians'as xentes; ouseaba, lonxe, un can;
estrelecia.

— Eu quixera saber... s'un home a quem
amei me correspondet...

Lembrous'a tía Marica da filliña, por outros
desdeixada, e contrábea contida, tirou de novo,
e recolleu as cartas e dixo:

— En fin de contas... ise home, se xurou,
xurou en falso; non vos quixo; mentiuvos...

— E que teño unha filla! junha filla sen pali!
E asospiraba, cal s'o sospiro ll'arrincase
a y-alma!

— Como elo seja. Eiqui está o Rey de bas-
tos... ¡vedet! ¡vai de viaxe!

— ¡Pra retornar!...

— Non, ¡nunca! ¡nunca! ¡pasou a mare de
unha vez moi chea!

Non dou a triste un chio! Esbarou hasír'o
pés da aquellourada *sabia*; apagons'o candil,
berrou un neno e á morta luz dos cepos reco-
lliú a «Naipera» á sua Loliña, que lle discía xa
na pasión e mesmo boquexando:

— Non mintas mais, nalcínha!... ¡Pol-o Deus
que nos fixo! ¡todo perdín por ti!... home...
amor... ¡honra! ¡A vida que me deches, e lle
volvo!... ¡Xúrame pol-a Virxe que m'escolla,
que questa outra Loliña... ¡iste meu gromo que
che deixo en prenda... iste grollo de saugue
do meu sangue... ¡Non será nunca «A neta da
«Naipera»!»

FRANCISCA HERRERA E GARRIDO.

A EDADE DO FERRO NA GALIZA

(Proseguimento)

11

AS FÔNTES PRÓ ESTUDO DA PROTOHISTÓRIA GALEGA

E como semellantes elementos de juizo temos qu'atopamos nos textos, na epigrafía, na lingüística e na arqueología, compre que dementes de seguir adiante, bolemos unha ollada en col d'estas fontes de coñecemento.

Dende ben antigo, cecais dend'o alborexar da Edade do Bronze, as cassiteritas e seguramente o ouro galego, deberon ser oujeto d'un activo comercio (1) levado a cabo n-un principio por terra e de povo en povo, a semellanza co qu'ocurría co ámbar báltico e co-as ofrendas dos Hiperbóreos ó Apolo delfico, e mais tarde, asegún testemuño d'Avieno (2) e Strabon, (3) por vía marítima deic'a Tartessos e Gadir ond'o noso estano iba juntarse co-a prata y-o chumbo pra sair logo car'o Oriente nas naves de Tarsis de que nos falan Isaías (4) y-Ezequiel (5).

Tartessos e Fenicios, os mais vellos navegantes históricos que sulcaron nas suas barcas o temeroso océano, tiveron pol-o tanto contacto co-a Galiza e coñeceron sin dúbida as gentes qu'a povoaban, pero d'iste coñecemento apenas chegou a nós unha lembranza escuña e desfigurada. O poema *Ora Marítima* de Rufo Festo Avieno, literato e procónsul do século IV da nosa Era, contén unha descripción das costas da Península qu'asegún os seus comentadores está tomado d'un antigo periplo anterior en varias centurias ó nacemento de Je-

sucristo. Acerca da orixe e data d'esi que se chamou *fonte vella d'Avieno*, teñen andado moi disconformes os pareceres dos eruditos. Mullenhoef (1) na Alemania e Blázquez (2) na España creeron na transcripción d'un periplo púnico do século - VI, o periplo de Himilco, citado no texto do poema, pero Marx (3) e Schulten (4) estimaron en troques que se trataba da tradución d'unha geografía massaliota do século - IV, anqu'o segundo d'istes autores despois d'un fondo estudo da cuestión, reutificara o seu primeiro punto de vista atribuindo nas suas derradeiras publicacións (5), a fonte vella d'Avieno á mesma data que Muilenhof e Blázquez, e dando as noticias nela consinadas acerca das costas occidentais da Europa, un orixe tartesio aproveitado polo geógrafo marselá.

Respeito da interpretación do texto do poema e da localización das tribus, cabos e illas n'il nomeados, a disparidade entre os comentadores ainda é mor, sendo d'abondo pra probalo o decir qu'as mesmas gens y-os mesmos accidentes geográficos son postos por Costa no E da España, por Blázquez nos Algarbes, por Sarmento (6) na costa W de Portugal e por García de la Riega (7) na Galiza. No día e gracias ós estudos de Schulten e de Bosch Gimpera, de que logo nos ocuparemos a topografía do poema d'Avieno aparece mais aclarada que

(1) En col do estano galego e do seu comercio nos tempos prerromanos, vex.

Hugo Obermaier, *Impresiones de un viaje prehistórico port Galicia*, págs. 88 e segs. (Ourense 1925).

(2) *Ora Marítima*, v. 114.

(3) III, V, 2.

(4) XXIII.

(5) C. XXVI, vers. 12.

(1) *Deutsche Altertumskunde* (Berlín 1890).

(2) *El Periplo de Himilco*, Bolet. de la R. S. Geográfica.

(3) *Avienus, Real-encyclopädie de Pauly-Vissowa*.

(4) *Hispania, Real-encyclopädie der Klass. Altertums*.

(5) *Fuentes Hispaniae Antiquae*, Ios. I.

(6) *Ora Marítima* (Porto 1896).

(7) *Galicia Antigua*.

denantes, pero esta craridade é tan relativa, que non permite pol-o menos no que fai relación á nosa terra, mais que deduccíos conjecturas.

E fora d'esta lembranza escura, ningunha cousa mais nos deixaron Fenicios e Tartessos. Os primeiros, o mesmo qu'os seus irmáns e sucesores os Cartagineses, sabido é que nunca ieron afeiziados a proclamaren as conquistas do seu comercio, e que precurreron pol-o contrario, escondelas ós ollos de posibles competidores, y-encanto ós segundos, nada nos queda pol-o d'hoje, da sua antiga literatura, facéndose necesario agardar os resultados das excavacións emprincipiadas no suposto emprazamento da milenaria Tarsis, das que poderá sair cecais algúns lostreos qu'alumee moitas escuridades da protohistoria galega.

En troques do silencio de Fenicios e Tartessos, fivo a antigüidade a lleria faladora dos Gregos. Anque non se conserva mais qu'unha parte mínima da sua prodixosa producción literaria, podemos nela segirmos paso a paso o progreso das suas descobertas geográficas o avance das suas colonizacíos y-o desenrollo do seu comercio; pero Galiza, a pesar de tanto se ten dito en contrario, queda fora do alcance d'estas colonizacíos e d'iste comercio. Tense falado tanto e por tan outras autoridades dos estabrecimentos helénicos nas nosas costas, que cecais pareza afrevimento o negar cousa que persoas de tan grande sabencia teñen afirmado; pero a pesar d'elo, non podo deixar de consignar eiqui qu'os investigadores mais modernos nin xiquera fan mención de semeillantes colonias, tidas no dia por fabulosas. En efecto: fora da ingenua historia que nos conta Asclepiade de Mirlea, (1) fundado sin dúbida nalgún parecido de noines *Grovii* con *Graal*, *Cilenos* con *Helenos*, *Tude* con *Tydea* como creen Murguía (2) e Leite de Vasconcelos (3), e reproducida despois pol-os escritores posteriores en col do viaxe de Teuero e Amphilioco, nada hai que permita supor o estabrecimento dos Gregos na nosa paxea. Sería tarea moi longa o examinarmos detidamente

NÓS

esta cuestión, y-así, pra non pasala en silencio, limitareme a facer constar istos tres feitos reveladores.

I. Ningún escritor anterior á conquista romana fala de colonias gregas en Galiza. Polibio mesmo, o honrado e cuidadoso Polibio, que foi o que debreu recoller acerca d'ela as primeiras informacíos de boca dos soldados de Decimo Junio Bruto, chámalle *pais descoberto fai pouco*, (1) y-aínda engade qu'o Océano exterior era descoñecido pr'os seus compatriotas (2). Mais tarde, Strabon (3) ven confirmar estas afirmacíos do megalopolitano, ó decir qu'o isolamento en que vivian os gallegos era a causa principal da brava rudeza dos seus costumes.

II. Asclepiades y-os seus repetidores non atribuyen a colonización grega do noso chán a Gregos históricos, senón a persoages miticos, a héroes das lendas homéricas e do ciclo troyano, coma Teuero, Diómedes e Amphilioco, e sabido é tanto espallaron os retóricos helenísticos istos príxos troyanos dos que nin a mesma Roma se viu libre. E coma queira que no dia ningunha concede valor ningun á leenda d'Eneas nin a outras que se llasemellan, non hal motivo pra que Galiza sexa unha excepción á regra general.

III. No territorio ocupado pol-as tribus dos Gravios, Helenos, Tydenses e Amphilochios, que Strabon, Plínio (4) e Justino (5) nos dan coma descendentes dos Gregos, existen estacionamentos da Edade do Ferro tan importantes como as Santa Lucía e Sania Tecla, y-en todas elas ten aparecido un cadro uniforme de civilización posthallstática, sin que teña sido atropado nin o mais miúdo oujeto de procedencia grega.

Non, os Gregos non colonizaron nin comerciaron con Galiza. No ano -650 apróximadamente, puxéronse en contacto por vez primeira co-a costa atlántica d'Andalucía. O sámio Kolaios (6) empuxado pol-o trebón, chega a Tartessos, ten alí boa acollida, troca e vende e volta á sua terra con tal cantidad de riquezas, qu'os Focenses, os primeiros dos

(1) In Strabon, III, IV, 8.

(2) Hist. de Galicia, I Edición., I, I,

(3) Religiosas de Lusitanía, I, II, págs. 74 a 77 e Nota a respeito dos Grovios e Célticos, O Arqueólogo Portugués, vol. XIV, págs. 181 e 192.

(4) III, IX.

(5) XVI, XV.

(6) III, L, 8.

(7) IV, 34.

(8) XLIV, 8.

(9) Herodoto, VI, 182.

Helenos qu'asegún Herodoto (1) fixeron longos viages marítimos, non tardan en segui-los seus pasos. Por un istante, istes Focenses entón na sua mais outa aulividáde colonizadora, parece que van arriscarse pol-o mar exterior, pero tropezan co-a resistenza cartaginesa e teñen que recuar y-estabrecerse nas costas do Sul e do Levante e da Hespaña, fundando as colonias de Malinake y-Hemeroscopio, já despois da fundación de Massilia, coma se cré generalmente. Já denantes, asegún o parecer do sabio Clerc. (2) Iste viages e colonizacions focenses refreñanxe nos escritores helénicos das centuries VII, VI e V denantes de Jesucristo; Hecateo (3) coñece já as tribus ibéricas do SE y-E da Península; Stesicoro de Himera (4) fala de Tarlessos e Anacreonte canta ó rei Argantonino o da longa vida; pero as ribeiras do mar exterior siguen sendo ignoradas por todos eles. Hesiodo (5) no século -VII, dí somentes qu'están habitadas por Ligures; Hecateo, (6) no -VI, confesa non saber nada acerca do contorno ouidental do Ectimene, y-Herodoto do -V, si ben coñece os Celtas que viven por riba dos Cynetes do cabo San Vicente, (7) declarra non ter noticia ningunha do lugar ond'están as Cassiterides, atrevéndos afirmar tan soilo, qu'o estano ven dalgún lugar retirado d'Europa, anque non de fora do seu recinto. (8)

Despois da V centuria, os Gregos vóltanse car'Oriente... As expedicións dos Espartanos pirmeiro e mais tarde as conquistas d'Alexandro, absorven por completo o millor das suas aulividás. Pero eiquí no Oueste, queda Massilia herdeira do espírito mercantil e do alento mariñeiro de Focea, y-os seus homes que souperan encontrar dendé Mainake o camiño que levaba os jacimentos de prata do val superior do Betis, traou tamén de buscal-los vieiros marítimos que levaban os países do estano e do ámbar, e no século -IV, un geógrafo y-estronomo chamado Pytheas, vencendo sin dúbida os ostáculos qu'a desconfianza púnica

(1) I, 163.

(2) *Les premières colonisations phocéennes dans la Méditerranée occidentale*. Revue des Etudes anciennes, VII, 1908.

(3) *Fragmenta*, Muller-Didot.

(4) Schüller, *Hispania*, pag. 79. (Barcelona 1920).

(5) In Strabon, pag. 99.

(6) *Fragmenta*, Muller-Didot.

(7) II, 35 e IV, 49.

(8) III, 115.

había por á sua empresa, aparelhou a sua nao e bótase mar adiante en preura d'aquellos regios misteriosos.

Saindo probabemente de Gades, costea Portugal, Galiza e Cantabria, pasa por frente das praias da Galiza, esprora as ribeiras británicas, visita Escocia, e a vista o océano boreal, o mar Cronio dos antigos, gladio e bretemoso. N-outra nova expedición éncamíñase Pytheas ás terras do ámbar e percorre e reconoce os esteiros dos ríos da Alemaña do N. N-un e n-outro viage, o navegante marsellés tivo que visital-as nosas costas e recoller datos intresantísimos que debiu consignar nas suas obras *Descripción do Océano e Períplo*, das que por Desgracia non se conserva mais que miudos anacos que nos foron trasmitidos por Strabon, Plinio e Polibio, os que levados amais por unha crítica trabucada deron pouco creto ás afirmacions de Pytheas e calificaron d'invencions moitos dos seus descubrimentos.

Tirase así e todo d'istes anacos, comentados por certo ben sabiamente pol-o Sr. Blázquez, (1) qu'o esprorador marsellés ocupouse da Galiza, que fixou a posición das Cassiterides con relación ó Promontorio dos Artabros e que foi o pirmeiro que determinou o cambio de dirección da nosa costa, sendo pol-o tanto o descubridor asegún Schulten, da forma peninsular da Hespaña.

Pero qu'esta expedición de Pytheas foi un feito isolado, e que despois d'il o roteiro qu'il descobrira non foi frecuentada, demóstro o esquecemento en que cairon as suas obras y-o pouco fino que d'elas diron os geógrafos posteriores. Por outra parte, e case sincrónicamente cos viages de Pytheas, a invasión na Provenza dos Galos, que botou car'ós Alpes ós rudos Ligures, nemigos costantes dos colonos focenses, permitiu a istes, por medio dos seus novos vecíos, mais civilizados, e sobre todo mais filhelenos, utilizal-o vieiro fluvial do Ródano pol-o cal chegaron logo a Massilia os estanos bretós e galeses, perdendo Galiza todo intrés comercial pr'ós aulivos mercaderes d'aquela república, que non intentaron nin despois da pirmeira guerra púnica, renoval-as auladas expedicións de Pytheas.

Y así durante tod'o século -IV y-a pirmei-

(1) *Pytheas de Marsella*. (Madrid 1918).

ra mitade do - III, os coñecimentos en col dos países ribeiraos do mar exterior non milloran nada, y-en Aristóteles (1) Timaios, (2) Éforo, (3) e no seu repetidor no século - I Scimno de Kios, (4) atopamos sempr'a mesma noticia vaga acerca dos países centrás y-oeste das Peninsulas, que son somentes desifiados co nome de *Keltike*, mais sin acompañar ningunha indicación geográfica nin a mais pequena distinción etnográfica dos povos qu'a habitaban.

Finada a segunda guerra púnica, emprincipian as longas e sanguiniferas lutas da conquista romana. Deic'ós derradeiros momentos da insurrección de Viriato, Galiza non é tocada pol-as legiós invasoras, mais en - 139, Quinto Servilio Cepio combate já cos Calecos, probabemente na provincia portuguesa de Trazos Montes, y-en - 138 ou - 137, Decimo Junio Bruto penetra na nosa terra que dend'aquel entón comenza a ser mencionada.

Pero que denantes d'esta campaña non era coñecida, ben o amosiran os mesmos historiadores romanos e gregos. Polibio, falando en geral da Península, di: qu'o nome d'Iberia dábase soilo á parte qu'está sobr'o Mediterráneo, deic'ás columnas, e qu'a porción restante, ainda non ten nome por se ter descoberto fai pouco tempo; (5) e Velejo Paterculo, (6) escribe: *E adiantándose Decimo Junio Bruto hastre lugares dos que nin xiquera se tifia ouvido falar, mereceu o alcuno de Caleco;* e Lívio, (7) cónstanos canto foi o terror dos soldados ó verse obrigados a pasal-o Limia, qu'iles coñocaban o Lethes, o río infernal do eterno esquecemento; e Floro (8) relábanos com'o ver afundir'so sol nas augas do noso mar, sintiu o general de Roma un religioso temor, e tivo medo de ter cometido un sacrilegio.

NÓS

(Continuaráse)

(1) *Meteorologicas*, 1,18, 19 e 20 e *De animalibus generis* 35.
 (2) Geffcken 185. Cit. por Schulten, *Hispania*, pag. 82.
 (3) *Fragmenta Histo. Grecorum* 1,254.
 (4) *Fragmenta* 162.
 (5) III, IX.
 (6) II, V.
 (7) *Periocha* LV.
 (8) II, 17.

QUOD NIHIL SCITUR

(Proseguimento)

A mais d'eslo, en toda cencia, asegún dis, hai que supor principios nos que non convén porfiar. Pol-o tanto, o que d'iles se siga, serán cousas supostas, non sabidas. El hai nada mais triste? Pra que sepamos, compreñor. Pois, qué outra cousa é o supor algo, senon ademil-o que non sabemos? Millor sería, se cadra, o saber primeiro os principios? Nego os principios da tua arte: próbaos. Se non debe argumentar contra os que negan os principios, has decir. Non sabes probar; és ignorante, non sabio.

Mais toca á cencia superior e común o probal-os principios das outras. Entón, aquí que está esta cencia común, pode que o sepa todo: li non sabes nada. Pois quen non sabe os principios, non sabe a cousa.

Mais, qué é esa cencia común? É pasmoso de que xeito istes artistas, dividiron pra si os oficios e señálanles lindeiros, da mesma maneira qu'o pobo mesmo adauia e reparte a terra. Costruiron o imperio das cencias; a raíz

das cales, e o xuez supremo, é a cencia común á que refiriron os problemas supremos.

Esta é a que dá leis ás demás, as cales teñen que recibilas como valederas a ningunha d'elas élle lícito impunemente meter man no dela, nin no das outras. Así, porfiar toda a vida, sobr'o ouxeto de cada cencia sin haber quen falle iste preto (ou millor ignorancia). Se algúm trata dos astros na fisica, faino, din, en canto fisico ou en canto astrónomo; e un di: qu'aquello pillouno empreslado do aritmético; e outro que aquello furtoulo ó matemático.

Esto que é? Non son enredos de rapaces? Pois istes, en calquera sitio público, rúa, praza ou campo, costruyen hortas, tápanas, e cada un priville ó outro entrar na sua. Eu ben vexo o que esto significa: como cada un d'iles non o pode abranguer todo, iste colle pra si unha parte, aquí colle pra si outra. Por esto se non sabe nada.

Todas as cousas qu'están n-iste mundo,

...mundo, cospiran á composición d'unhas soya: .. nin unhas poden subsistir sin outras nin éstas conservárense coas aquelas; porque cada unha representa un rol particular diferente da outra; mas todas contribuyen a comporem unha soila. Aquéllas causan éstas; éstas son causadas por aquéllas. Se non pode expresar a concatenación de todal-as causas.

Non é pois d'admirar que descoñecida unha soila s'iforen as outras. Veleíqui a causa de que, quen trata dos astros inquerindo os seus movementos e a causa d'elles, aceute do fisco como probado o, que é o astro e o que é o movemento, inquerindo sometendo movemento e a sua variedade e multiplicidade.

Do mesmo xeito tocantes ás demais causas. Mais esto non é saber; pois o verdadeiro saber é coñecer primeiro a esencia da causa, y-en segundo lugar os accidentes cando a causa os ten. D'elquí sigue que a demostración non é un xiloxismo centífico, antes ben que non é nada, porque asegúri ti, só demostra qu'e existe o accidente (para mim o mesmo si demostra que existe unha causa, como si a esconde, non fai mais que perturbar o espírito), mais a definición da causa, supóna. Nada saben os que teñen fé nas demostracións e d'ellas agardan a cencia; os qu'as condenan tampouco saben nada asegúri ti; o mesmo hei probar eu: logo ninguén sabe nada.

Na cencia, s'admites a miña definición, hai tres elementos: a causa que ha ser coñecida, o coñecemento e a perfección elasamillaremos arredadamente cada un d'ises elementos, pra despois deducir que non se sabe nada.

Primeiramente, cántas son as causas? cecais infinitas non somentes nos individuos, senón tamén nas especies. Negarás que sexan infinitas, mais non probarás que sexan finitas, pois non pudeches enumerar a mais pequena porción d'elas eu apenas coñecir o home, o cabalo e mais o can. Logo d'esto nada sabemos. Pois nin ti fés visto a fin de todal-as causas, nin eu a sua infinitade, e mais maxino que son infinitas cal é o certo? Ti verás: pra mi nada.

Mais has dicir por que o qu'as causas sexan infinitas, pode impedir-o coñecemento d'unha soila? Asegúri ti por muitas: pois compre coñocelos principios pra coñecel-a cou-

se; cecais tamén a materia e a forma; mais no infinito, as infinitas materias cecais sexan distintas en especie (anque ti non quieras que ninguén distinga, a materia pol-a especie, posto qu'a privas de toda forma: d'esto hemos falar logo). Tocantes á forma non hai duda; agora ben, do infinito non hai cencia.

Mais dis: a materia das causas infinitas pode ser a mesma. Certo, mais tamén pode non serlo, e por esto ser múltiple. Cecais existan outras causas inteiramente diferentes das nosas, e que ningún de nós coñece; mais o que pode ser e non ser, é dudoso quesea d'elles. Asegúri, a cencia é d'aquello que é e non pode ser d'outro xeito. Non compre tampouco qu'as causas sexan infinitas pra qu'a materia sexa diversa, pois pra ti que crees que son finitas, non consta hasta agora, nin ha constar nunca (anque pódense engañar) si a materia do ceo é a mesma qu'a das causas da terra. Cecais non hai unha materia propia dos espíritos, por mais que se chamen simpres? Por certo.

Afirmas que hai moitos xéneros d'elles, e polo tanto moitas diferencias. Logo convén n-algo común, qu'asegúri ti é a materia; e difiren n-algo que é a forma. Mais e os accidentes, non teñen cecais materia propia? Ti chamas xénero á sua materia e diferencia á forma. A materia dos astros é a mesma qu'a do ceo? Nono sabes; semella que non é a mesma. Logo ignoranxe cales e canto's seyan os principios anqu'as causas sexan finitas. Non hai estabilidade nos principios; os principios do home son os elementos; d'istes hai esta materia y-esta forma; d'esta materia e d'esta forma hai outras más simpres: do león, do pollino, do oso; así hasta o infinito.

Tocantes ás formas, non hai duda que no infinito han ser infinitas. Mais convén coñecer previamente os principios. Has dicir qu'os elementos non son os principios; d'esto hemos falar despois. Non haberá principios, pois do infinito non hai principio. Mais non saberás millor por esto o que sexan as causas finitas. Nin o primeiro principio é o mais preciso de todos pra nós: polo que, tampouco os demás que d'il derivan. Logo non sabemos nada.

Ademais, nas causas, unhas son a se, ex se, in se, per se e propter se (permításenos falar

d'iste xeito) e a esto chaman os filósofos causa primeira e os nosos escolásticos, Deus: todas-as demais non son nin *a se*, nin *ex se*, nin *in se*, nin *per se*, nin *sibi solis*, nin *propter se*; senón *ab aliis, ex aliis, in aliis, e propter aliis*. Convén coñecer unhas e outras. E quén é o

NÓS.

que coñeceu perfectamente a Deus? «Me non verá o home e vivirá». Por esto soyó folle premitido a Moisés velo *per posteriora*, ou sexa, polas suas obras. D'elquí di San Paulo: «*invisibilia Dei per ea que facta sunt intellecta conspiciuntur*»,

ARCHIVO FILOLOXICO E ETNOGRAFICO DE GALIZA

CONTOS

A muller sagrada

Unha vez pasada, había un mozo fillo do señor alcalde, era moi bó mozo, a todal-as mozas que falaba co-elas, as engañaba, y-entonces un día púxose a pensar e dixo pra il mesmo:

—Pois todas (suprimimos *pudoribus causa* a expresión empregada pol-o narrador) son por un geito, já non vexo muller pra casar co-ela qu'eu lle teña confianza.

Entonces volvese pensar qu'había unha na parroquia qu'era coxa, fea e probe; entón dixo il:

—Voullé falar sacretamente, qu'esa teño a seguridá que (o mesmo qu'arriba)...

E faloulle e casou co-ela, e unha noite, estando na cama, díolle ela:

—Ay, Manoeliño, quéroche moito! E dixo il:

—Porqué dís eso, muller?

Entón díolle ela:

—Porque tiñas tan boas mozas e ricas e nonas quixeches, pra casares co-migo, coxa, fea e probe.

Entón contestouille il:

—Pois eu quíxente porque figúrase-me qu'és unha muller sagrada.

Entón ela contestouille:

—Manoeliño, sagrada coma miñ non hai outra, pois parín sete veces, e ningún o sabe, soilo o sabes tú agora que cho digo eu...

O lobo sin rabo (II)

Unha vez pasada iba o lobo andando e chegou a un campo; andaban dous carneiros e díolle:

—Vouvos coíner.

Os carneiros dixéronlle:

—Comerasnos, pero pirmeiro, tés que nos axudar a partil-o campo.

Mandárono pór no medio e iles viñeron a correr e déronlle unha atopada; e o lobo marchou rabeando, e foi andando e chegou a outro campo; andaban unha besta co-a cría, e díolle:

(1) Veleigual un conto da categoría, tam espallende na nosa terra, dos *contos das bestas*. Ainda qu'ates señan sinxelamente contos e non *leendas*, non por iso deixan os mais dos etnógrafos e folcloristas de iles atribuirem orixe tolémico. Neste caso, compro que falgamos notar unha cousa ben chocante: por unha besta, o lobo, a imaxa fera verdadeira que hai en Galiza hoxe en dia, des nacencia á un vasto folk-lore medoñego no qu'lobo aparece coma sendo o terror da gente. Os homes volvense lobos *lobis homes* ben por un malledo de nacencia, ben por unha fada (maldición) que iles botan, pre-faguer estragueira nos seus semellantes. Ver o lobo é termo de comparanza pro melrandes medos. Ainda se pensa que, ó que s'atopa

—Vouvos comer, ou a ti, ou ó fillo.
Entón a besta díxolle:

—Comerás, pero pirmeiro quería que
me sacases un pico que teño n-un pé.

Il vai sacarollo, y-ela deulle un couce
e o lobo marchou sen poder comer
nada. Foi camiñando, entrou n-un forno,
ond'estaban unhas cabras fiando, e
díxolle:

—Vouvos comer.

—Tés que nos cantal-a misa pirmeiro.
E púxose a cantal-a misa y-elas en-
tonces botáronse a escurnichalo e non
tivo mais remédeo qu'escapar, e foi
pol-o camiño andando, chegou onda
un carballo e púxose pensando, dicindo:

—Cand'eu fun partidor de campos...
Cand'eu fun sacador d'espiñas, e canta-
dor de misa, se viñera un rayo e me
partira, já me daría a risa!

Un carpinteiro qu'estaba por riba do
carballo, deixoule cair o machado e
cortoull'o rabo e o lobo marchou mais
enfadado.

As bodas no ceo (1)

Cando un zorro viu que estaba a ai-
gue baixa, díxolle moi cordo:

—E logo pra donde vai, comadre?
—Vou a tías bodas ó ceo.

—E vostede quéreme levar a mi-
tamén?

—Sí.

—E pois logo baixe pra poder subir.

Mais cando iba subindo a aigue co
zorro ás costas, deu a aigue unha sacu-
dida y-o zorro que iba tranquilo solto-
se. Mirou pra baixo e viu que habíaúa
pena e díxolle:

c'un lobo. Entralle un pasmo especial, de gelo misterioso e
prenatural... E por outra beira, o lobo, en contos de bestas
coma iste, aparez de cote fagendo o papel de parvo, sendo
total-as bestas a meterelle chascos e pegas, nas qu'il cal
sempre, principalmente cando se ten qu'enlender co raposo.
Iste pol-contra caseque de cote así ben das aventuras. E fa-
gamos notar do camiño que, si o pensan gallego lle tem xen-
teira ó lobo, non lle tem menos, antes tealle más se candra ó rapo-
so. Telleñ importancia estas consideracións para interpretación
dos nosos contos...

(1) Esta variante da fábula da águila e o sapo-concho, áchase
muy espallada. Colectemos versións más rematadas que esta.
Conservamos n-istes contos recollidos en Lamaiglesia as pro-
prias verbas coas que nos foron transmitidos por escrito. Aíga-

—Escapa pena, que te esfacho!

E como non escapou, rompeo as cos-
tillas o zorro y-a aigue riuse das suas
desventuras

Recollido en

LAMAIGLESTIA, PUEBLA DO BROLLÓN

Arriba díxitos

Estabas un xastre velando un defunto
cando eran os tempos que lles poñían
na caixa (ou ataú) alaxas ó defunto pra
que disfrutase delas na sua vida futura
y entonces alá á alta noite entraron os
ladrós na iglesia (pois estaba elí o de-
funto yo xastre) e o xastre víuse apura-
do co medo, e non pudo valerse d'ou-
tra artimaña que de decir: ¡Arriba de-
funtos que imos todos xuntos! baixando
pol-as escaleiras da tribuna pelando
coas txeiras nas barandas das escaleiras
e formando un ruído tremendo; puxé-
ronse en fuga os ladrós deixando todas
as alaxas que sacaran de xunto o mor-
to, pensando que viñan os outros pol-as
escaleiras da tribuna e sin darse conta
da fantasma que lle infundiu o medo,
desapareceron da iglesia quedando o
xastre en paz. (1)

LAMAIGLESTIA, P. DO AROLLÓN

A disposición do anciano escarmantado

Había en certo pobo un modesto an-
ciano que tenía tres hijos e fixolle a mi-
llora ó mais vello, e despois que estaba
mellorado, o vello viése nelas, o erdeiro
tal tratába mal sin accordarse dos bene-
ficios da mellora, y os demás como lles
desagradiou o feito tamén lle daban gara-
paldos; púxose o vello a pensar e pare-
ceulle que lle poñería término á pauliña
con un novo argumento.

Buscoulle un amigo certa cantidá de

poe águila adóitase dicir en moitos lados, e é expresión en-
gade. Non tanto a forma en qu'ellos ven: *águila*.

(1) O mesmo conto hoxe n-Asturias. É Cabal traíño no lib.
cl. co título de *El rey del sastre*, mais desenvolto que na
presente versión, e complicado co dos ladrós os que fixeron
fuxir meténdolles medo, do que hai tamén ciñu varias versións

diñeiro y-encerrándose na sua habitación puxo os cartos sobre a mesa, y-empezou a contar e facer paquetes, a facer ruido como si fora unha tesoureiría, mais os fillos como estaba encerrado moveulle a curiosidá ver o que o vello facía e ó vello tan precavido co aquila fajina (sic) creendo que os diablillos lle trouxeran cuartos, empezaron a arrepentirse, e no sucesivo todos a porfia lle viñan preguntando que servicios deseaba co oixejo de ver quien podía conseguir o pelo ó fin da vida do vello, pero cando o vello morreu foron mirar o arcaz e tiña o vello o testamento (que era un cachimporro) con un papel que decía: O que dá o que ten antes da morte merece que lle den con un cachimporro na frente: acabando dessa forma as esperanzas dos malvados fillos. (7)

LAMAIGLESIAS P. DO BROLLÓN

Mais canteiros que talladas

Traballando doce canteiros en certo pobo un día á hora do xantar empezando a comer colleron cada un sua tallada e (como non había mais que once) nadia se deudecontamaisqu'o que quedou sin a tallada: díxolle o faltoso os outros: Jaio (rayo) e todos collestes e ningún se acordou de botarlla bendición. Volveron todas as talladas á fonte y entonces o pícaro canteiro dixo.

—Diolas bendiga pra nosa barriga, pejeyo peje todo María Santísima!

Entónse descubriuse o secreto dándose conta que viñan menos tallada:

(7) N-outra versión ouvida pol-o que nol-a contou, no Castro Caldeiras, o arcaz aparece cheo de pedras, y-enriba unha cechiporra cos inscricións:

O que dá do que ten antes que morra,
Mercede que lle den co-esta cechiporra.

Morelexa que pasou a dilo popular que se dí molitas veces: case a proberbio ou refrán.

Hai unha versión d'iste conto, que tamén trai C. Cábal co título de *La herencia*. O testamento — morelexa está en bable:

El que da lo que tiene antes de la muerte
merez que i den con un canto en la frente.

—Jaio e vos non vistes que faltaba unha tallada e quedábades tan conformes!

(LAMAIGLESIAS P. DO BROLLÓN)

O almorzo aeradio

Traballaba outra cuadrilla de canteiros n-un pobo e como lle viña o almorzo tarde, todos os días, eles non podían decilo alto entre todos (porque andaba o amo co iles) e entonces poñíanse a cantar:

Xan da fustra vai rastreiro
Ya jarapica non ven
A culpa tena a manata
Co manato nona ten. (8)

Consultoulle o home á muller xe qué dirán os canteiros (ou que quererán decir) que todos os días cantan esta cántiga entre eles: Xan da fustra...

—Vaite burro ¡Éche por que lle vai a comida tarde e dicen que o sol vai alto e q'uo almorzo non lle ven, que a culpa que a teño eu que tí nona téis por que estás con eles.

(LAMAIGLESIAS P. DO BROLLÓN)

A fogaza

Pasaban ús barrosos unha noite por unha ponte, e virona lúa alá abaijo qu'espellaba no río. E un d'iles dijo:

—Ay hó, ollai que fogaza hai aló embaijo: imola collar?

—Imos — responderon os demás. E o que fagüía de mestre, dijo:

—Pois imos faguer o garamallán.

E púxose agarrado co-as duas maus ó pretil da ponte, pol-a parte d'afora doutro agarrado ás suas pernas, outra ás

(8) Esta cántiga está no *argor dos canteiros*, do que sabese hai variedades diferentes. Non atopamos as equivalencias das verbas elíxidas empregadas, nin no libro: *Verbo dos Argos*, de Xulio Ballesteros, nin no vocabulario dos canteiros de Mondariz n-iste boletín publicado. As verbas *xarapica* e *manato* témon-las ouvido, sen que podímos asegurar si co mesmo significado que n-iste conto. Os contos de canteiros (*barrosos*) son moltísimos os que hai. Despois d'iste vai outro que un informador ouviu contar no Castro de Caldeiras.

do segundo, outro ás do terceiro, e así na pendurados os ús dos outros, que é ó que chaman faguer ó garamallán, ate qu'o de mais abajo chegaba ja perto d'rio. Entón berroulle ó d'arriba:

—Estira unha miga que caxe lle chego!

E o qu'estaba collido ó pretil respondeu:

—Agarda, déjame cuspíñar as maus!

Soltou as maus pra cuspir n-elas pra s'asegurar ben, e foron todos o río...

(CASTRO DE CALDELAS)

OS HOMES OS FEITOS AS VERBAS

LUBICAN, por
ARMANDO COTARELO VALLEDOR,
Santiago, 1924.

O teatro galego pódese gabar d'iste drama rural - «conto dramático de lobos e de amores» - onde trunfan os dereitos principios da arte, tamén importante no aspecto lingüístico, polo traballado do estilo poético e pol-a chea de verbas escolletas que contén, moitas d'ellas esquecidas e todas de molta beleza e rica expresión. O Dr. Cotarelo traballa o galego coma moi poucos.

O drama vai coma dixemos, polo bó vieiro. É n-unha noite cuberta de neve na montaña, e no ambiente carregado d'alentos de leenda e de vida antiga, hai un aquél de simbolo e de misterio. As forzas ocultas que de cote móvense entre nós, e a miudo nos moven, as forzas qu'outrora se cadra chamarien deuses, e que fan a traxedia, e cecais tamén a vida toda, entran en jogo d'un xeito caxeque patente.

Hai eiquí dous lobos: o que baixa famento da serra leval-a ovella branca da Tia Miñota, a vella sabidora de tradicións e de remédios, e mais outro que ven da vila prender un ruín meigallo na y-alma d'Inesa. O cabo os dous loitan a morir, y-esta traxedia derradeira salva a aldea.

Todo é n-iste conto dramático, sinxelo e levado de maneira sintética, asegún a técnica verdadeira que debe ter o teatro grande. Todo sirve pra algo; non contén elemento ocioso, e mais que nada, está ben dado o fondo, o fondo espiritual do asunto e do cadro, non queremos decir o fondo pintoresco o que chaman «ambiente», que é cousa mais doada. O que se quer n-esta clás d'obras, é que sexan com'unha entrada nas lonxanías do espírito da gente e da raza e do ambiente mesmo, que tenha atrás d'elas e da sua trama, unha perspectiva d'alma. E esa tenna.

Volume trás volume, vai o mestre Cotarelo desenrolando a sua obra poética, de verdadeira importancia na renacencia galega. E ha ser

no teatro ond'ha deixar meirande traza e señal do seu traballo de devanceiro do mañá. Por qu'il está entr'os qu'emprincipian agora; seu posto áchase ond'os mais novos, servindolles de guieiro.

V. R.

UN EPISODIO DE LA VIDA ACADEMICA DE DON DOMINGO FONTAN, por SALVADOR CABEZA DE LEÓN (Discurso lido no Seminario d'Estudos Galegos de Santiago), Cruña, 1924.

O douto Decano da Facultade de Dereito de Santiago refiremos o que lle pasou ó sabio autor do Mapa de Galiza c'uns alumnos nugañas e uns pais d'ises qu'andan atrás do aprobado, mala fada que, com'indica o Ilustre Dr. Cabeza, pesa enriba do público ensenho na Hespaña. Pranteia iste traballo o noso mais grave probremo pedagógico, e vemos por il qu'o mal ven já de moi tempo, o qual da ainda mais releve á figura inmorrente do noso gran matemático e geógrafo, que n'il aparez chea d'austeridade e de concencia do deber e da responsabilidade profesional e científica. O Dr. Cabeza, que ten seu nome lunguido o movemento de Brañas e o seu tempo, de cote bó amante da sua terra e das suas glorias, engade unha nova folla de loureiro á croa de D. Domingo Fontán.

F. L. C.

SOBRE UNA NUEVA VARIEDAD DE LA EDICIÓN PRINCIPE DEL «QUIJOTE» por HOMERO SERÍS, 1924.

Defende o ser unha nova variedade da edición príncipe do *Quijote* unha de Madrid, 1.605, na qu'o autor descubriu 143 variaciones, e que fora acusada de falsificación, embora fora reconhecido o exemplar por auténtico, quitando a portada, outro folio e 13 letras d'outro. É un traballo miúdo de bibliografía que fora publicado no *Bulletin hispanique*, t. xxxvi, núm. 4.

V. R.

OS POBOS PRIMITIVOS DA LUSITANIA, por MENDES CORREA, profesor da Universidade de Porto, director do Instituto de Antropologia - 1924 - Casa editora, A. Figueirinhas, Rua das Oliveiras, 71, Porto.

Saindo dos seus acostumados eidos antropológicos o ilustre profesor Mendes Correa apreixa nas páginas d'iste libro o conjunto dos feitos geográficos, arqueológicos e antropológicos que contribuirão à formación do solar e do povo irmao d'alén Miño. C'ollar rexamente sintético e traballando sempre con ausoluta rigorosidade científica e grande senso de modernidade, vai describindo as características geo-morfológicas do chan da sua patria, esaminando con craridade os testos cráscicos e recollendo e comentando os datos arqueológicos en precura do torgo fondo que nutriu e deu orígen à nacionalidade portuguesa.

«Abandonado», di, «o propósito de identificações exclusivas, que as velhas misturas étnicas tornam impossíveis, é lícito sobre tudo concluir da continuidade cultural observada no territorio portugués, uma persistencia das populações que vêm do neolítico e eneolítico.»

E inegabel qu'algumas das opiniós sostidas pol-o autor a iste respeito, principalmente aquela en que combate o iberismo dos lusitanos, teñen unha grande e lóxica varudeza, mais atopamos no tono geral do libro certo escrusivismo e certa tendencia a subordinar os feitos arqueológicos ás aportaciós de antropología; i-é elo cícais o que nos obriga a espresar con todo o respeito de qu'o sabio profesor de Porto é merecente, a nosa disconformidade con algún dos seus puntos de vista.

Referímonos á civilización castreja cuia orígen neo ou eneolítica non podemos dejergar craramente. Parécenos os castros, segundo n-isto a Bosch Gimpera, unha causa propia do posthallstático occidental da península, en favor de cuia filiación falan a perfección e paridade das suas obras defensivas, tan imitantes ás d'outras cividades castelás, Termantia por exemplo, e a homogeneidade de material n-iles alcontrado, embora teñamos qu'admitir qu'algúns dos outeiros onde case sempre s'asentan, serviron de lugar d'habitación a poboados anteriores, mais sen qu'iste feito se presente c'un carauter tan geral que premile supor a existencia d'unha cultura indígena singulamente celtizada car'o século VI d. C.

Coidamos pol-o contrario qué a civilización da Edade do Ferro en tod'o W. peninsular é nitidamente céltiga, con intruxos tartesios na sua parte sul e que xurde entre nós con todolos carauteres de desenrollo e maduridade póndose de súpito no canto d'unha cultura indígena que desaparece diante d'ela. I-esto é tan certo

qu'o mesmo profesor Mendes Correa non apaña pr'arriostar o seu parecer mais probas arqueológicas qu'algumas decoracions cerámicas, imitantes ás do eneolítico, cujo valor resulta cativo posto á veira do restante material castrejo ben entorgado no verdadeiro Hallstatt.

É posibel qu'as aportaciós racías célticas, teñan importancia cativa en Portugal e na Galicia, ainda que sexa pouco doado aseguralo por non saberse fixamente cal era o tipo ou tipos físicos dos céltas que chegaron a istos países, mais é inegabel a rexia forteza das suas aportaciós culturais, que ficaron ben patentes na nosa arqueología e no noso onomástico prerromano que fican ainda en pé no noso folklore e que deberon trasformar os costumes, e o espírito dos pobos indígenas crebando a continuidade na sua civilización.

Embora istos reparos coidamos qu'os *Povos Primitivos da Lusitania* constitúe unha das millores contribuciós e dende logo a mais completa das que se teñen feito en col dos orígenes da nacionalidade portuguesa e qu'a sua leitura aproveitará moito a todolos investigadores das antigüedades galegas.

A parte antropológica do libro, especialmente a comprendida no capítulo VII é singulamente admirabel e dina do ilustre sabio que soupo decir as verbas definitivas en col da raza de Mugem.

O estilo en geral justo e preciso érguese ás veces descubrindo que no peito do autor hai un curazón que latexa pol-as glorias da sua patria.

F. L. C.

ANALISIS ESPECTRAL DEL METEORITO DE 19 DE JUNIO DE 1924 por MANUEL MZ-RISCO, catedrático de la Universidad Central, Madrid, 1924.

Contén un avance dos resultados obtidos no estudo espectral do meteorito que cayó n-aquela data en Olivenza, cujo estudio fora confiado ó noso sabio compatriano, a primeira autoridade n-istos estudios na Hespanha, pol-o Observatorio astronómico de Madrid. O traballo *in-extenso* ha ser oujeto d'unha Memoria longa. O autor incrua o meteorito estudiado antr'os sisidéreos, sendo o ferro o principal componente, contendo ademais magnesio, aluminio, silicio, potasio, calcio, titanio, vanadio, cromo, manganeso cobalto, nikel, stroncio e probablemente bario. En compañía do traballo venen tres photos do anaco de pedra meteórica e duas das placas do espeíro de 3.º orde. Benia ó Dr. Mz-Risco, un dos mais cumpridos homes de ciencia que ten dado a terra galega.

F. L. C.

Dr. MOSTEIRO

Médico
Odontólogo

Medicina e Ciruxía da boca -- Electricidade -- Rayos X

A Clínica Dental mais completa de Galicia

Cantón Pequeno, 1 (Casa Pastor) - A CRUÑA

LUIS FÁBREGA

DROGUERIA E FARMACIA

Progreso esquina a Luis Espada
OURENSE

MERQUE VOSTEDE

Plumeiros RAFIUM

De mais dura qu'os de pruma e limpa millor
Véndense en todo os estabreimentos do ramo
Andrés Perille - OURENSE

Reloxería ZENITH

Máquinas parlantes, Discos, Agullas
e Accesorios

M. Calviño
OURENSE

Sombreirería

LEMUS

A mais económica de Galicia

San Andrés, 74
A CRUÑA

VIÑOS RANDULFE de Bodegas Galegas - Finos de Mesa
OS PEARES (Ourense)

Sanatorio Quirúrgico
Diretores:

Manuel Peña Rey

Ginecología e Partos

José Mosquera Blanco

Cirugia geral
Especialista na ggorxa, nariz e ouvidos

Situado frente á Alameda do Cruceiro, ten todos os condicíos precisas.—Practícase toda crax d'operacións.—Dotado de todo os
aditamentos que pide a actual Cirugia.—Modernas instalacións de RAYOS X pra diagnóstico e RADIOTERAPIA superficial e fonda,
con voltaxe de 250.000 voltios.—Aparello de Diatermia pra tratamento de Amebas, procesos inflamatorios, reumatismo, etcétera.
Lámpara de carbono pra sol d'altitude e ultra-violeta pra tratamento d'inscrollosis, rachilismo, alopecia, eczemas, etcétera.
Admitense embarazadas, e contase con material esterilizado peña fora da cibade en casos d'inxencia.—Poden colaboraren
todo os competetores, previo consentimento dos directores.

BODEGAS GALLEGAS PEARES E OURENSE

Viños finos de mesa: Tinto TRES RÍOS, Branco BRILLANTE, LOS GALLEGS branco e tinto
Macia e Valeiras, Apartado 18 -- Ourense

Sanatorio Quirúrgico de Ourense

Diretor: Don MANUEL POL PIÑEIRO Cirugía

co-a colaboración dos Doutores

D. FRANCISCO JOSÉ RIONEGRO DÍEZ

e D. MANUEL BOUZO FERNÁNDEZ

CIRUGÍA

PARTOS E DOENZAS DA MULLER

Situado na carretera da Loña, prauificase n-lí toda crés d'operacíóns de Cirugía gáxel, especialidades, ginecología, etc., etc. A pensión é de 10 pesetas diarias, incluso n-lí a manzana, material de curas e visita médica diaria. As operacíóns e tratamentos especiais serán oujeto de trato anterior.

Hay Gabinete de RAYO X, aparato de DIATERMIA (para frentes-as anexilis, etc.) e o material eléctrico preciso para diagnósticos e tratamientos.

NOTA: Hay de cote material esterilizado para operacíóns d'urxencia p'ros enfermos que non se poidan fraguer no Sanatorio e mais para partos, adentro e fora da cidade.

Para informes, pódese escribir a calquera dos médicos do establecemento.

OURENSE

Carretera da Loña

Teléfono 179

D I S P O N I B R E

Reservado pr'os irmans

RODRIGUEZ

Fábrica de muebles

Ourense

**Augas bicarbonatado-sódicas de
MONDARIZ**



**FONTES DE GÁNDARA e TRONCOSO
Propiedade dos FILLOS DE PEINADOR**

MONDARIZ—Bolneario está situado a 35 kilómetros de Vigo e a 20 das estaciós de Porrío e Salvatierra de Miño

O Hotel do Estabremiento está aberto do 1.^º de Mayo a 31 de Octubre

1000
Sastrería CRECENTE IRMANS

A MILLOR
DE
GALICIA



REAL, 28 - 1.^o

TELÉFONO 180

A CRUÑA

F. ROMÁN E SACO
DROGUERIA
E FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE

DISPONIBRE

LEA VOSTEDE A
NOVELA QUINCENAL

LAR

Adeministración e imprenta
REAL, 36 1.^o A CRUÑA

SUSCRICIÓN A 6 NÚMAROS 1'60 PESETAS